

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Santa Comba de Covas

Esta é a ermida de Santa Comba, na praia do mesmo nome, parroquia de Covas, no concello de Ferrol.

Cando sube a marea, a ermida queda nun illote, dende o que hai unha fermosísima vista dos penedos chamados Os Cabalos, en fila na punta de Cabo Prior.

Segundo as lendas que contan @s anciáns do lugar, a esta praia (Sta. Comba), chegou a santa nunha barca de pedra, acompañada por San Xurxo, que quedou nunha praia perto desta, que leva o nome do santo. Tamén segundo lendas orais, a santa era antes unha meiga ☐malísima- pero atopouse con Xesucristo no seu devagar polo mundo e este ameazouna:

☐Enmeigar enmeigarás, pero no meu reino xamáis entrarás☐.

Esanta Comba non só se arrepeníu, senón que se volveu tan boa que chegou a santa. Aínda que algo de meiga lle quedaría para poder navegar en barca de pedra, non si?

[Enviado por Maribel Serantes en abril de 2008]

[Ver mapa máis grande.](#)

